

BANCO DE LEITE MATERNO

Folla informativa

¿Que é o Banco de Leite Materno?

O leite materno é o mellor alimento para calquera bebé, pero é especialmente beneficioso para os recentemente nados prematuros ou con algunhas enfermidades, para os que pode supoñer unha mellora nas súas posibilidades de supervivencia.

Con todo, é fácil que as nais destes bebés teñan dificultades en alcanzar unha lactación materna exclusiva, algo que está condicionado por factores hormonais e biolóxicos e pola tensión á que están sometidas dada a situación na que se atopan os seus bebés.

O Banco de Leite Materno do CHUS encárgase de recoller, procesar, almacenar e distribuír leite materno doado de forma altruísta por aquelas nais que así o desexen, para beneficio dos recentemente nados que a necesiten e que a obteñen tamén de forma gratuíta.

¿Quen se pode facer doante de leite?

Poden doar leite todas aquelas nais que estean a aleitar aos seus bebés e dispoñan de leite suficiente para eles. Xeralmente, para que a lactación materna estea completamente establecida precísanse 2 ou 3 semanas dende o nacemento do bebé, polo que a nosa recomendación sería que esperasen ese tempo para asegurarse que poden doar sen poñer en risco a alimentación do seu fillo/a. Con todo, se antes comproba que ten leite suficiente, pode facerse doante sen problema.

As nais doantes deben ter boa saúde e uns hábitos de vida saudables. O persoal do banco faralle unha entrevista a todas as nais interesadas, para verificar que non hai contraindicacións para a doazón. Ademais, será realizado un control analítico para descartar infeccións (hepatite B, hepatite C, VIH e sífilis).

¿A que me comprometo ao facerme doante?

As nais doantes deben asinar un consentimento informado polo cal se comprometen a aceptar os controis analíticos destinados a descartar enfermidades infecciosas, a informar o persoal do banco acerca dos posibles cambios de saúde que poidan presentar ou da medicación que poidan tomar.

Tamén se comprometen a devolver o sacaleites ao final da doazón, no caso de que se lle prestase un.

¿Que circunstancias contraindican a doazón?

O leite vai ser administrado a bebés ingresados, e por tanto enfermos, por iso é polo que existan determinadas circunstancias que contraindican a doazón de leite materno, como son:

- Consumo de tóxicos: tabaco (ou os produtos empregados para o seu deshabitación), alcol, drogas de abuso, fármacos (sempre que estea a recibir algún fármaco, xa sexa de forma crónica ou puntual, debe comunicalo ao persoal do banco, onde lle informarán de se ese fármaco é compatible coa lactación ou non)
- Consumo de máis de 3 unidades ao día de substancias con xantinas (café, té, cola, cacao)
- Padecer enfermidades infecciosas, xa sexan crónicas ou agudas.
- Recibir hormona de crecemento
- Ser sometida a un transplante de córnea

¿Como se fai a doazón?

As nais que desexen facerse doantes deben poñerse en contacto connosco, xa sexa por teléfono, correo electrónico ou en persoa. O ideal é que fale primeiro connosco e concertemos unha cita, para poder atendela da mellor maneira posible.

Nesa primeira visita, o persoal do Banco entrevistarase con vostede para comprobar que non hai contraindicacións, informar detalladamente do proceso de doazón e solicitar o seu consentimento informado escrito para a doazón, e realizar o control analítico para o estudo de enfermidades infecciosas (hepatite B, hepatite C, VIH e sífilis). Moitas destas infeccións son estudadas ao longo do embarazo, pero dado que o seu leite vai ser administrado a nenos enfermos, debemos garantir ao máximo a seguridade destes bebés, polo que a realización destas probas é imprescindible. O resultado das mesmas seralle comunicado pola vía que prefira polo persoal do banco.

Nesta mesma visita, o persoal informarlle sobre como realizar as extraccións de leite e a maneira óptima de conservala na casa e de transportala finalmente ao banco. A extracción pode realizarse de forma manual ou cun sacaleites, como prefira, e no caso de que non dispoña deste último, podemos prestarlle un. Proporcionarémolle tamén os biberóns e o resto do material que precisa para o correcto almacenamento e transporte do leite.

As entregas de leite deben ser realizadas ao banco cada 3-4 semanas. Lamentablemente, non dispoñemos dun sistema de recollida a domicilio, polo que o leite debe ser transportado polas nais ao banco. Nas entregas, só lle levará o tempo

necesario para entregar o leite que trae, entregarlle máis material para a próxima recollida e solucionar as dúbidas que puidese ter.

¿Hai circunstancias que poden afectar á doazón de forma puntual?

No caso de que xa sexa unha nai doante, hai determinadas circunstancias que poden facer necesario interromper a doazón de forma temporal. De forma xeral, a nosa recomendación é que ante calquera circunstancia ou cambio nos seus hábitos de vida que lle poida xerar dúbida, contacte co banco de leite para poder informar acerca da necesidade ou non de interromper a doazón, así como por canto tempo. De forma xeral, as circunstancias máis comúns son:

- Infeccións agudas, incluíndo as mastites ou as lesións cutáneas da aréola ou a mamila
- A administración de vacinas de virus vivos atenuados
- Consumo novo de fármacos ou produtos de herboristería
- Ser sometida a cirurxías, endoscopias, transplantes, transfusións, acupuntura, tatuaxes ou piercings.

Teño na casa acumulada unha gran cantidade de leite materno, ¿podo doala ao banco?

Si, a condición de que as condicións de almacenamento fosen as adecuadas e non pasasen máis de tres meses dende a súa extracción.

Ao igual que tódalas doantes, o persoal do banco realizará unha entrevista con vostede para comprobar que non hai contraindicacións para a doazón e a extracción de mostras analíticas para descartar enfermidades infecciosas (hepatite B, hepatite C, VIH e sífilis).

¿Que pasa co leite recibido polo banco?

O leite recíbese conxelado e mantense conxelado ata o seu procesamento, que non se realizará ata coñecer o resultado das análises efectuadas para o control de enfermidades infecciosas.

Nese momento desconxélase, sométese a pasteurización - é un tratamento térmico para minimizar a presenza de bacterias- e obtense unha mostra para análise microbiolóxica. Posteriormente, volve conxelarse, e gárdase conxelada ata que se coñeza o resultado do cultivo microbiolóxico; se este é negativo, o leite pode ser administrado sen problema aos bebés ingresados, e de ser positivo, serádesbotado.

O leite só se administra aos bebés por prescrición facultativa.

¿Teño que doar unha cantidade de leite determinado?

Non, a produción de leite é variable ao longo do tempo, e a súa principal prioridade é a alimentación do seu fillo/a.

¿Teño que doar durante un período de tempo determinado?

Non. Ti decides cando deixas de ser doante.

¿As nais doantes perciben algún beneficio económico?

Non, as doazóns son altruístas. O leite adminístrase aos bebés ingresados baixo prescrición médica, e estes recíbena tamén de forma gratuíta.

¿Onde se atopa o Banco de Leite?

O Banco de Leite Materna atópase na Unidade de Neonatoloxía, na 1ª planta do edificio de hospitalización do Hospital Clínico Universitario de Santiago.

O noso horario de atención é de 8:00 a 15:00 h., de luns a venres.